

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATOS

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo
- b) Dependencia que tramita o expediente:** Servicio de Contratación e Asuntos Xerais

2.- Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato:** servizos
- b) Descrición do obxecto:** a prestación do servizo de xestión de almacén, custodia de remanentes e distribución en librerías dos libros e publicacións editados polo concello de Lugo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación:** ordinaria
- b) Procedemento:** aberto

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total:

A contratación deste servizo de distribución supón para o concello un gasto como mínimo de entre o 50 e 60% do prezo de venda ó público IVE incluído.

A comisión anual para a distribuidora é de 4.000,00 euros correspondente ó 50% dos ingresos anuais por venda (8.000,00 euros IVE incluído) polo que o valor estimado do contrato incluíndo as 4 anualidades ascendería a 16.000,00 euros.

5.- Adxudicación:

- a) Provisional:** 25 de novembro de 2009
- b) Contratista:**
EDITORIAL GALAXIA S.A..
- c) Nacionalidade:** Española
- d) Importe de adxudicación:**

50% (IVE incluído) sobre o prezo de venda do libro que se determine, e nas operacións realizadas con “El Corte Inglés” e nas cadeas de librerías “Casa del Libro” e FNAC, o 40% (IVE incluído) sobre o prezo de venda, sendo polo tanto o prezo do

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refº: 09ALMACEN E CUSTODIA LIBROS adx. prov.doc

Asunto: adxudicación provisional

contrato o 50% do prezo de venda ó público dos exemplares vendidos e o 60% nos supostos previstos de grandes superficies comerciais sinaladas.

Lugo, 1 de decembro de 2009

O ALCALDE,

P.D. A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA

Asdo.: Sonia Méndez García